



Suxestión á Consellería de Sanidade para que publique no portal web de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, o informe final que dea resposta razoada á totalidade das proposicións ou suxestións formuladas polas entidades no trámite de audiencia e información pública do Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa de caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia e para que no sucesivo valore a conveniencia de dar publicidade no Portal de Transparencia e Goberno aberto ao informe final común previsto no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia

Expediente: C.8.Q/722/21

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse o expediente arriba indicado como consecuencia do escrito de D. ██████ en representación da ██████ referente á falta de resposta ás suxestións formuladas durante o trámite de información pública do Decreto 28/2021, de 21 de xaneiro, pola que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia.

No seu escrito indicaba de xeito literal:

“O pasado 11 de Marzo de 2019 as Consellerías de Medio Ambiente, Medio Rural e Sanidade publicaban no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia o proxecto de Decreto para regulamentar as condicións do tratamento da carne de caza maior, e o día 24 dese mesmo mes e ano, as ██████ e ██████ remitían as súas suxestións.

En todo este tempo e, ata a publicación no DOG do texto final co título Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia, non se ten remitido informe algún ou resposta algunha ás suxestións realizadas, incorrendo nunha grave falta de transparencia á participación cidadá.

Polo tanto recorreremos á Valedoría do Pobo, case dous anos despois, ao entender que coa publicación no Diario Oficial de Galicia non se dá cumprimento á transparencia nin a participación cidadá no citado texto.”

Solicitado informe á Consellería de Sanidade, que posteriormente houbo de ser requirido, en data 5 de maio, se recibe indicándose na súa literalidade o seguinte:

“Logo de analizar o requirimento da Valedora de Pobo con relación ao escrito presentado por D. ██████ sobre a falta de resposta ás suxestións presentadas pola ██████ e ██████ durante o trámite de información pública do Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 34 do 19.02.2021) e en cumprimento do artigo 22 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo (DOG núm. 135 do 14.07.1984),

INFORMO:

O Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, tramitouse á iniciativa das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural, encargándose da súa tramitación a Consellería de Sanidade, por encomenda do Consello da Xunta de Galicia.

A tramitación desta iniciativa acomodouse ao procedemento legal e as prescricións contidas na seguinte normativa:

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia (artigos 40 e ss.).
- A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 12).
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- O Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro (artigo 8).

En concreto, con relación aos trámites de transparencia, cómpre destacar que en cumprimento do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no período comprendido entre o 21/12/2018 e 14/01/2019, a proposta normativa expúxose publicamente na fase de "Consultas abertas" da sección de "Consulta pública previa" do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia; sen que durante o dito período se recibisen achegas ou opinións.

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o día 07/03/2019 o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou a súa exposición pública no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia (11/03/2019 a 01/04/2019 "En prazo de envío de suxestións") e o texto do proxecto foi sometido a audiencia dos grupos e sectores interesados (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e artigos 41.5 e 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Durante o trámite de exposición pública e audiencia foron recibidas suxestións de diversas entidades, entre elas as de [REDACTED] e a [REDACTED]

As normas procedimentais relativas á elaboración de disposicións de carácter xeral non contemplan que se responda individualizadamente ás suxestións presentadas, en concreto o artigo 42.4 da Lei 16/2010, do 17 de outubro, sinala:

"4. Fomentárase a participación da cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei. Nos trámites de audiencia e información pública promoverase a participación cidadá a través dun portal web específico ou a través de calquera medio admisible en dereito que permita acreditar a identidade do suxeito actuante, incluídas todas as posibilidades que ofrece a vía telemática por medios electrónicos. As proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas teranse en conta pola consellaría impulsora do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no que recibirán unha resposta razoada que poderá ser común para todas aquelas suxestións de distintos cidadáns que expoñan cuestións substancialmente iguais."

Consonte con indicado no dito artigo, logo de coñecer e estudar as suxestións recibidas, as persoas titulares das direccións xerais con competencias na materia das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural emitiron informe conxunto dándolles resposta.

En concreto transcríbese a continuación as observacións relativas ás suxestións presentadas polas entidades [REDACTED] e [REDACTED]

"Alegacións de [REDACTED]

1.-Presenta alegación ao artigo 3, apartados 3 e 9.

Apartado 3, solicitan que unha vez morto o animal de caza maior silvestre, procederase no prazo máximo de 30 minutos á extracción, como mínimo, do estómago e intestinos (...).

Resposta:

O capítulo II do Regulamento 853/2004 polo que establecen normas específicas de hixiene dos produtos de orixe animal, establece no seu punto 1 que unha vez morto o animal de caza maior, procederase canto antes á extracción do estómago e os intestinos....

Neste proxecto de decreto indicase tamén canto antes debido que ás características de cada cacería impiden fixar unha unidade de tempo e por iso respéctase a redacción literal do antedito Regulamento

-Sentido da valoración: Rexeitar

2.-Presenta alegación ao apartado 9 : Propón modificar a redacción deste apartado:

"9. Coa excepción dos cabeiros, hastas e cornos, a retirada dos trofeos non se poderá realizar ata que se ditamine a súa aptitude para o consumo", pola seguinte redacción:

"9. A retirada de trofeos non se poderá realizar ata que se ditamine a súa aptitude para o consumo"

Resposta:

Por trofeo de caza enténdense as hastas e cornas adheridas ao cranio ou parte del das especies cinexéticas de caza maior recollidas na Lei 1/1970, de 4 de abril de Caza, así como os cabeiros e amoladeras do xabaril. Tamén se consideran parte do trofeo, a pel necesaria para naturalizar, ata o peito, libre de restos de carne, do esófago e da traquea. Tendo en conta o anterior, se ben parte destes trofeos de caza poden ser susceptibles de consumo (cabeza, músculos, vértebras ou restos adheridos a estas), concretamente os cabeiros, hastas e comas non teñen esta consideración, polo que a excepción establecida no artigo 3.9, considérase correcta e non deben ser obxecto de limitación, non tendo sentido vincular a retirada destes trofeos ata o momento do ditame de aptitude para o consumo.

- Sentido da valoración: Rexeitar

3.-Presenta alegación ao artigo 4, apartado 1, solicitan un máximo de 2 horas para o transporte e a refrixeración das pezas.

Resposta:

As características das cacerías e a posible distancia dos locais intermedios son os que aconsellan os límites para a refrixeración reflectidos no decreto.

Sentido da valoración: Rexeitar

4.-Presenta alegación ao artigo 7, apartado 2, solicitan que os establecementos de restauración conserven a documentación correspondente ao Anexo IV (relativo ás pezas de subministración directa) polo menos dous anos no canto dun.

Resposta:

Procedeuse a establecer a tenencia da documentación por un ano, para adaptalo ás frecuencias de inspección e supervisión dos servizos de saúde pública en relación o

seguimento nos destinos das carnes procedentes de locais intermedios de faenado de caza maior . Con todo non existe obxección en ampliar a tenencia da documentación a dous anos

-Sentido da valoración: Estimar

5.- Presenta alegación o artigo 8, apartado 2: propón modificar a redacción deste apartado, diminuíndo o prazo para acreditar a xestión dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano SANDACH por parte do responsable da cazaría dos 10 aos 3 días.

Resposta:

Considérase que o prazo de 10 días fixado para a acreditación documental da correcta xestión dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano polo responsable da cazaría é acorde cos prazos que establece a propia normativa autonómica reguladora da actividade cinexética, en relación coas obrigas de comunicación dos resultados das cazarías.

A redución proposta deste prazo a 3 días non implicaría a priori ningunha mellora no control da xestión destes subprodutos, engadindo non obstante unha complexidade ao procedemento , contradicindo o principio de eficacia e simplificación administrativa que debe rexer as actuacións da administración, polo que non se considera oportuno acoller a modificación proposta.

Sentido da valoración: Rexeitar"

En consecuencia con todo o exposto, cabe indicar que na tramitación do Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa da caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia, se seguiron todas as normas procedimentais vixentes, e en concreto ás relativas a transparencia e participación cidadá."

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, e do informe remitido pola Consellería de Sanidade, compre, efectuar as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor desta queixa solicitou o 22 de febreiro do ano en curso, a intervención da Valedora do Pobo, toda vez que o 24 de marzo do 2019 formulara suxestións ao "proxecto de Decreto sobre subministración directa de caza maior silvestre abatida" a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia/información de relevancia xurídica/consulta pública previa/consulta aberta, e non obtivera "informe algún ou resposta algunha ás suxestións realizadas".

Segunda: A data de hoxe, no Portal de Transparencia e Goberno aberto, en relación coa tramitación do decreto 28/2021, de 21 de xaneiro, se atopan dispoñibles dous documentos, a saber : o proxecto do decreto e o informe de legalidade.

É no informe de legalidade de 23 de xullo do 2020, no que consta no punto 3, Tramitación, que no trámite de audiencia presentaron suxestións 6 entidades, entre as que se atopa a promotora deste expediente de queixa, para a continuación dicir: “logo de analizar as ditas suxestións as persoas titulares das direccións xerais con competencias na materia das consellerías de Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Medio Rural emitiron informe conxunto dándolles resposta”.

Terceira: A lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia no seu artigo 4 consagra como un dos principios fundamentais da organización administrativa autonómica o de proximidade á cidadanía, e dispón no seu artigo 42.4:

“Fomentarase a participación da cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei. Nos trámites de audiencia e información pública promoverase a participación cidadá a través dun portal web específico ou a través de calquera medio admisible en dereito que permita acreditar a identidade do suxeito actuante, incluídas todas as posibilidades que ofrece a vía telemática por medios electrónicos. As proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas teranse en conta pola consellaría impulsora do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no que recibirán unha resposta razoada que poderá ser común para todas aquelas suxestións de distintos cidadáns que expoñan cuestións substancialmente iguais.”

Cuarta: A problemática de fondo desta queixa, céntrase por conseguinte, en que a entidade promotora da mesma formulou, en tempo e forma, coma outras entidades, suxestións á unha futura norma a través do Portal de Transparencia, máis non recibiu de xeito algún notificación de posta a disposición do informe final ou común de resposta razoada elaborado polos tres órganos autonómicos e tampouco se atopa dispoñible nese portal de transparencia o antedito informe.

Coñecido que co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo se tramita unha consulta pública, a través do correspondente apartado dese portal, a fin de recoller a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativos potencialmente afectados pola futura norma, semellaría acorde coa *Lei 1/2015, de 1 de abril de garantía da calidade dos servizos públicos*, que na súa exposición de motivos xa dí: *“unha administración cada vez máis próxima require, pois, conxugar un conxunto de esforzos e sinerxías orientados ao logro da eficacia, á eficiencia na asignación de recursos, ao impulso da transparencia e á axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico e a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias, así como os mecanismos para o seguimento e a reclamación destes dereitos.*

Todo isto nun marco xeral caracterizado pola calidade, a mellora continua e o impulso da participación da cidadanía nos asuntos públicos, e coa Lei 4/2019, de 17 de xullo de administración dixital de Galicia, que no citado portal web de transparencia e goberno aberto se incluía o informe final, común e conxunto que dera resposta á totalidade das suxestións formuladas, de xeito que as entidades que as formularan a través dese portal, tamén puideran dispoñer da “resposta razoada” do artigo 42.4 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, nese mesmo portal.

Quinta: o principio de eficacia das administracións públicas, que emana do artigo 103 da Constitución española, asumido como propio pola Administración pública galega, coma o resto dos principios xerais, polo artigo 39 do Estatuto de autonomía debe combinarse, nunha administración moderna, co dereito de participación da cidadanía, consagrado no artigo 4.2 do Estatuto.

Resumindo, a queixa como quedou exposto, baséase en que a entidade promotora, dende que formula vía web as alegacións ao texto do proxecto, ata que se publica no D.O.G o texto do decreto, non dispón de máis información exposta nesa web. Semellaría eficiente e acorde ao actual contexto dixital e de transparencia, que as entidades que participan durante o período de exposición pública coas súas achegas, puideran acceder ao informe final conxunto que dea resposta ás suxestións formuladas a través da mesma canle que na que as fixeron. Doutro xeito, veríanse na obriga de solicitar cada unha delas de xeito individual o informe resposta, o que non se antollaría eficiente en termos de calidade administrativa.

Pode entenderse, pois, que suporía certo aforro de recursos administrativos e sería á vez máis transparente, que se vinculara dito informe ao Portal web que ter que remitilo a cada unha das entidades participantes que o solicitara.

A procura dos obxectivos dunha boa administración, que conta coas achegas, suxestións e proposicións da cidadanía nos asuntos públicos que lle afectan, como verificouse neste caso en que se estimaron algunhas das efectuadas pola entidade ██████████, ██████████ require actuacións na liña do exposto e na da suxestión que se formulará.

Concentrando esforzos e orientándoos ao logro da eficacia, á eficiencia, ao impulso da transparencia e á axilización e potenciando o acceso electrónico, se favorecería sen dúbida un entorno dixital acorde co contexto actual demandado pola cidadanía.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar á Consellería de Sanidade a seguinte suxestión:

“Primeira: Que publique no portal web de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, o informe final que dea resposta razoada á totalidade das proposicións ou suxestións formuladas polas entidades no trámite de audiencia e información pública do Decreto 28/2021, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas sobre a subministración directa de caza maior silvestre abatida na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda: Que no sucesivo, valore a conveniencia de dar publicidade no Portal de Transparencia e Goberno aberto ao informe final común previsto no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.”

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da suxestión formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración saúdoo atentamente,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

